




Area / Unidade OFICIALIA MAYOR OF0000 PSL	Documento 101171013P	
Código de verificación  4A3L 6J18 4L1T 4O1D 06SI	Expediente 101/2023/9	
	Data 24-02-2023	

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA QUINCE DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E TRES

No Salón Dourado da Casa do Concello desta cidade, a quince de febreiro de dous mil vinte e tres, baixo a Presidencia da señora alcaldesa dona Inés Rey García e coa asistencia dos tenentes e tenentas de alcaldesa don Juan Ignacio Borrego Vázquez, dona Eudoxia María Neira Fernández, don Jesús Javier Celemín Santos, así como da concelleira e o concelleiro dona Diana María Sobral Cabanas e don Francisco Dinís Díaz Gallego, reuniuse, previa convocatoria regulamentariamente circulada, a Xunta de Goberno Local, co obxecto de realizar sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Asisten tamén dona María Esther Álvarez Martínez, oficial maior, desempeñando a función do Órgano de Apoio á concelleira secretaria e á Xunta de Goberno Local, así como don Ángel David Murado Codesal, interventor xeral, Gonzalo Henrique Castro Prado, coordinador xeral municipal e dona María José Mourelle García, en representación da Asesoría Xurídica; en funcións de colaboración e asistencia.

Dá fe do acto a concelleira-secretaria suplente da Xunta de Goberno Local, dona Diana María Sobral Cabanas.

SESIÓN ORDINARIA DE LA JUNTA DE GOBIERNO LOCAL DE FECHA QUINCE DE FEBREO DE DOS MIL VEINTITRÉS

En el Salón Dorado de las Casas Consistoriales de esta ciudad, a quince de febrero de dos mil veintitrés, bajo la Presidencia de la señora alcaldesa doña Inés Rey García y con la asistencia de los tenientes y tenientas de alcaldesa don Juan Ignacio Borrego Vázquez, doña Eudoxia María Neira Fernández, don Jesús Javier Celemín Santos, así como de la concejala y el concejal doña Diana María Sobral Cabanas y don Francisco Dinís Díaz Gallego, se reunió, previa convocatoria reglamentariamente circulada, la Junta de Gobierno Local, al objeto de celebrar sesión ordinaria en primera convocatoria.

Asisten, asimismo, doña María Esther Álvarez Martínez, oficial mayor, desempeñando la función del Órgano de Apoyo a la concejala secretaria y a la Junta de Gobierno Local, así como don Ángel David Murado Codesal, interventor general, don Gonzalo Henrique Castro Prado, coordinador general municipal y doña María José Mourelle García, en representación de la Asesoría Jurídica; en funciones de colaboración y asistencia.

Da fe del acto la concejala-secretaria suplente de la Junta de Gobierno Local, doña Diana María Sobral Cabanas.



Asisten así mesmo os concelleiros e concelleiras da oposición: don Antonio Deus Álvarez (PP), dona María García Gómez (MA), don Francisco Xesús Jorquera Caselas (BNG) e a concelleira non adscrita dona Susana Soneira Lema.

Xustifica a súa ausencia a tenenta de alcaldesa dona María Esther Dolores Fontán Prado e o concelleiro José Manuel Lage Tuñas.

Ás nove horas e corenta e cinco minutos, a Presidencia declara iniciada a sesión, e pasa a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día.

65.- Aprobación de actas

Remitida a todos e cada un dos membros corporativos unha copia dos borradores das actas das sesións que a continuación se relacionan, estas danse por lidas e procédese á súa aprobación:

- Extraordinaria e urxente, do 30 de decembro de 2022.
- Ordinaria, do 11 de xaneiro de 2023.
- Ordinaria, do 18 de xaneiro de 2023.
- Extraordinaria e urxente, do 30 de xaneiro de 2023

ALCALDÍA

Asesoría Xurídica

66.- Expte. 112/2023/57

Comparecencia en recurso P.O. 285/2022 promovido por ALTHENIA S.L.U. contra a detracción de cantidades dos importes pendentes de aboar pola facturación mensual da prestación do contrato de conservación e mantemento dos parques e xardíns por non ter sido executadas con cargo á bolsa de conservación por medición do

Asisten asimismo los concejales y concejalas de la oposición: don Antonio Deus Álvarez (PP), doña María García Gómez (MA), don Francisco Xesús Jorquera Caselas (BNG) y la concejal no adscrita doña Susana Soneira Lema.

Justifica su ausencia la tenienta de alcaldesa doña María Esther Dolores Fontán Prado y el concejal José Manuel Lage Tuñas.

A las nueve horas y cuarenta y cinco minutos, la Presidencia declara abierta la sesión, pasándose a tratar los siguientes asuntos incluidos en el orden del día.

65.- Aprobación de actas

Remitida a todos y cada uno de los miembros corporativos una copia del borrador de la actas de las sesiones que a continuación se relacionan, estas se dan por leídas y se procede a su aprobación:

- Extraordinaria y urgente, de 30 de diciembre de 2022.*
- Ordinaria, de 11 de enero de 2023.*
- Ordinaria, de 18 enero de 2023.*
- Extraordinaria y urgente, de 30 de enero de 2023.*

ALCALDÍA

Asesoría Xurídica

66.- Expte. 112/2023/57

Comparecencia en recurso P.O. 285/2022 promovido por ALTHENIA S.L.U. contra la detracción de cantidades de los importes pendientes de abonar por la facturación mensual de la prestación del contrato de conservación y mantenimiento de los parques y jardines por no haber sido ejecutadas con cargo a la bolsa de conservación por medición do



ano 2018.

Previa deliberación, **de conformidade co informe–proposta que consta no expediente e do que se dará traslado, en todo caso, xunto coa certificación/notificación do presente acordo, en canto serve de motivación ao mesmo**, de conformidade co artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, por unanimidade, en votación ordinaria, acórdase:

1º.- Comparecer no recurso P.O. 285/2022 promovido por ALTHENIA S.L.U. contra a detracción de cantidades dos importes pendentes de aboar pola facturación mensual da prestación do contrato de conservación e mantemento dos parques e xardíns por non ter sido executadas con cargo á bolsa de conservación por medición do ano 2018.

2º.- Conferir a representación municipal á Directora da Asesoría Xurídica D.^a María Gabriela Gómez Díaz e aos Letrados Municipais D.^a María José Macías Mourelle, D. Francisco Javier Mato Fariña, D. Miguel Anxo López Prado e D. José María Pérez Ferrol, indistintamente, facultándoos amplamente para interpoñer os recursos ordinarios e extraordinarios que procederen contra todo tipo de resolucións que puideren ditarse no procedemento se foran desfavorables ao Concello.

**67.- Expte. 112/2053/51
Coñecemento sentenza ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo número un da Coruña no recurso contencioso-administrativo P.A. 275/2022 promovido por FRF**

del año 2018.

Previa deliberación, de conformidad con el informe–propuesta que consta en el expediente y del que se dará traslado, en todo caso, junto con la certificación/notificación del presente acuerdo, en cuanto sirve de motivación al mismo, de conformidad con el artículo 88.6 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de procedimiento administrativo común de las administraciones públicas, por unanimidad, en votación ordinaria, se acuerda:

1º.- Comparecer en el recurso P.O. 285/2022 promovido por ALTHENIA S.L.U. contra la detracción de cantidades de los importes pendientes de abonar por la facturación mensual de la prestación del contrato de conservación y mantenimiento de los parques y jardines por no haber sido ejecutadas con cargo a la bolsa de conservación por medición del año 2018.

2º.- Conferir la representación municipal a la Directora de la Asesoría Jurídica D.^a María Gabriela Gómez Díaz y a los Letrados Municipales D.^a María José Macías Mourelle, D. Francisco Javier Mato Fariña, D. Miguel Ángel López Prado y D. José María Pérez Ferrol, indistintamente, facultándolos ampliamente para interponer los recursos comunes y extraordinarios que procedieren contra todo tipo de resoluciones que pudieren dictarse en el procedimiento si fueran desfavorables al Ayuntamiento.

**67.- Expte. 112/2053/51
Conocimiento sentencia dictada por el Juzgado de lo Contencioso-Administrativo número uno de A Coruña en el recurso contencioso-administrativo P.A. 275/2022 promovido por FRF**



contra a non admisión da solicitude de rectificación de autoliquidación do IIVTNU.

Previa deliberación, **de conformidade co informe–proposta que consta no expediente e do que se dará traslado, en todo caso, xunto coa certificación/notificación do presente acordo, en canto serve de motivación ao mesmo**, de conformidade co artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, por unanimidade, en votación ordinaria, acórdase:

Coñecer e consentir, por ser favorable aos intereses municipais, sentenza ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo número Un da Coruña no recurso contencioso-administrativo P.A. 275/2022 promovido por FRF contra a non admisión da solicitude de rectificación de autoliquidación do IIVTNU.

ECONOMÍA, FACENDA E RÉXIME INTERIOR

Contratación

68.- Expte. A31/2022/73

Adxudicación do procedemento aberto con diversos criterios de valoración para a contratación da subministración e xestión de medios de impresión e dixitalización do Concello da Coruña.

Previa deliberación, **de conformidade co informe–proposta que consta no expediente e do que se dará traslado, en todo caso, xunto coa certificación/notificación do presente acordo, en canto serve de motivación ao mesmo**, de conformidade co artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de

contra la inadmisión de la solicitud de rectificación de autoliquidación del IIVTNU.

Previa deliberación, de conformidad con el informe–propuesta que consta en el expediente y del que se dará traslado, en todo caso, junto con la certificación/notificación del presente acuerdo, en cuanto sirve de motivación al mismo, de conformidad con el artículo 88.6 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de procedimiento administrativo común de las administraciones públicas, por unanimidad, en votación ordinaria, se acuerda:

Conocer y consentir, por ser favorable a los intereses municipales, sentencia dictada por el Juzgado de lo Contencioso-Administrativo número Uno de A Coruña en el recurso contencioso-administrativo P.A. 275/2022 promovido por FRF contra la inadmisión de la solicitud de rectificación de autoliquidación del IIVTNU.

ECONOMÍA, HACIENDA Y RÉGIMEN INTERIOR

Contratación

68.- Expte. A31/2022/73

Adjudicación del procedimiento abierto con diversos criterios de valoración para la contratación del subministro y gestión de medios de impresión y digitalización del Ayuntamiento de A Coruña.

Previa deliberación, de conformidad con el informe–propuesta que consta en el expediente y del que se dará traslado, en todo caso, junto con la certificación/notificación del presente acuerdo, en cuanto sirve de motivación al mismo, de conformidad con el artículo



procedemento administrativo común das administracións públicas, por unanimidade, en votación ordinaria, acórdase:

Primeiro.- Excluir do procedemento aberto con diversos criterios de valoración para a contratación da subministración e xestión de medios de impresión e dixitalización do Concello da Coruña (arrendamento sen opción de compra) á oferta presentada por Bigo Soluciones Informáticas, S.L. (B27870146) por non xustificar a súa oferta incursa en baixa desproporcionada.

Segundo.- Adjudicar o procedemento aberto con diversos criterios de valoración para a contratación da subministración e xestión de medios de impresión e dixitalización do Concello da Coruña (arrendamento sen opción de compra), a favor de VSM SISTEMAS CORUÑA SA, NIF: A15717606, previos os informes técnicos emitidos e de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, por ser a súa proposición a máis vantaxosa en aplicación dos requisitos establecidos nos pregos reguladores da contratación, con suxeición ás seguintes condicións:

1ª. O orzamento máximo ascende á cantidade de 1.104.681,60 € (IVE incluído); gasto estimado anual de 220.936,32 € (IVE incluído).

2ª. Os prezos unitarios son:

- prezo unitario correspondente ao arrendamento mensual de equipo tipo 1: 95,29 € (IVE incluído)
- prezo unitario correspondente ao arrendamento mensual de equipo tipo 2: 45,38 € (IVE incluído)

88.6 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de procedimiento administrativo común de las administraciones públicas, por unanimidad, en votación ordinaria, se acuerda:

Primero.- *Excluir del procedimiento abierto con diversos criterios de valoración para la contratación del suministro y gestión de medios de impresión y digitalización del Ayuntamiento de A Coruña (arrendamiento sin opción de compra) a la oferta presentada por Bigo Soluciones Informáticas, S.L. (B27870146) por no justificar su oferta incursa en baja desproporcionada.*

Segundo.- *Adjudicar el procedimiento abierto con diversos criterios de valoración para la contratación del suministro y gestión de medios de impresión y digitalización del Ayuntamiento de A Coruña (arrendamiento sin opción de compra), a favor de VSM SISTEMAS CORUÑA SA, NIF: A15717606, previos los informes técnicos emitidos y de conformidad con la propuesta de la Mesa de Contratación, por ser su proposición la más ventajosa en aplicación de los requisitos establecidos en los pliegos reguladores de la contratación, con sujeción a las siguientes condiciones:*

1ª. El presupuesto máximo asciende a la cantidad de 1.104.681,60 € (IVA incluido); gasto estimado anual de 220.936,32 € (IVA incluido).

2ª. Los precios unitarios son:

- *precio unitario correspondiente al arrendamiento mensual de equipo tipo 1: 95,29 € (IVA incluido)*
- *precio unitario correspondiente al arrendamiento mensual de equipo tipo 2: 45,38 € (IVA incluido)*



- prezo unitario correspondente ao arrendamento mensual de equipo tipo 3: 41,75 € (IVE incluído)
- prezo unitario correspondente ao arrendamento mensual de equipo tipo 4: 12,71 € (IVE incluído)
- prezo unitario correspondente ao arrendamento mensual de equipo tipo 5: 15,61 € (IVE incluído)
- prezo unitario de impresión en branco e negro: 0,005 € (IVE non incluído)
- prezo unitario de impresión en cor: 0,029 € (IVE non incluído)

3ª. O prazo de duración do contrato é de 60 meses contados a partir da data en que se levante acta de inicio do contrato respecto dos equipos que se instalaron.

O prazo de implantación é de 90 días naturais contados a partir da formalización do contrato, e en todo caso deberá ser posterior ao 30/04/2023.

4ª. O contrato rexerese polo establecido no prego de cláusulas administrativas particulares e técnicas reguladores da licitación e polo consignado pola empresa adjudicataria na súa proposición e non poderá formalizarse ata que transcorran quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores. Transcurrido este prazo, o órgano de contratación requirirá á adjudicataria para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días a contar desde o seguinte a aquel en que reciba o requirimento.

Terceiro.- Autorizar e comprometer o gasto derivado da adxudicación da subministración e xestión de medios de impresión e dixitalización do Concello da Coruña (arrendamento sen opción de compra), a favor de VSM SISTEMAS

- *precio unitario correspondiente al arrendamiento mensual de equipo tipo 3: 41,75 € (IVA incluído)*
- *precio unitario correspondiente al arrendamiento mensual de equipo tipo 4: 12,71 € (IVA incluído)*
- *precio unitario correspondiente al arrendamiento mensual de equipo tipo 5: 15,61 € (IVA incluído)*
- *precio unitario de impresión en blanco y negro: 0,005 € (IVA no incluído)*
- *precio unitario de impresión en color: 0,029 € (IVA no incluído)*

3ª. El plazo de duración del contrato de 60 meses contados a partir de la fecha en que se levante acta de inicio del contrato respecto de los equipos que se hayan instalado.

El plazo de implantación es de 90 días naturales contados a partir de la formalización del contrato, y en todo caso deberá ser posterior al 30/04/2023.

4ª. El contrato se regirá por lo establecido en el pliego de cláusulas administrativas particulares y técnicas reguladores de la licitación y por lo consignado por la empresa adjudicataria en su proposición y no podrá formalizarse hasta que transcurran quince días hábiles desde que se remita la notificación de la adjudicación a los licitadores. Transcurrido este plazo, el órgano de contratación requerirá a la adjudicataria para que formalice el contrato en un plazo no superior a cinco días a contar desde el siguiente a aquel en que reciba el requerimiento.

Tercero.- *Autorizar y comprometer el gasto derivado de la adjudicación del suministro y gestión de medios de impresión y digitalización del Ayuntamiento de A Coruña (arrendamiento sin opción de compra), a*



CORUÑA SA, NIF: A15717606, por importe de 1.104.681,60 € (IVE incluído), con cargo á aplicación orzamentaria 20.926.20600, segundo a seguinte distribución plurianual:

favor de VSM SISTEMAS CORUÑA SA, NIF: A15717606, por importe de 1.104.681,60 € (IVA incluído), con cargo a la aplicación presupuestaria 20.926.20600, según la siguiente distribución plurianual:

Anualidad	Importe (IVA incluído)	
2023 (agosto-septiembre 2023)	36.822,72 €	36.822,72 €
2024 (octubre 2023 a septiembre 2024)	220.936,32 €	1.067.858,88 €
2025 (octubre 2024 a septiembre 2025)	220.936,32 €	
2026 (octubre 2025 a septiembre 2026)	220.936,32 €	
2027 (octubre 2026 a septiembre 2027)	220.936,32 €	
2028 (octubre 2027 a julio 2028)	184.113,60 €	
TOTAL	1.104.681,60 €	

O gasto das anualidades 2024 - 2028 (1.067.858,88 €) está condicionado á existencia de crédito en cada un dos exercicios.

El gasto de las anualidades 2024 - 2028 (1.067.858,88 €) está condicionado a la existencia de crédito en cada uno de los exercicios.

O pago do contrato efectuarase con carácter trimestral, por períodos vencidos, en función das subministracións realizadas.

El pago del contrato se efectuará con carácter trimestral, por períodos vencidos, en función de los suministros realizados.

Cuarto.- A Xefatura de Servizo de Informática, deberá supervisar e vixiar o cumprimento do contrato, propoñer ao órgano de contratación a imposición de sancións e penalidades e resolver as incidencias na súa execución.

Cuarto.- La Jefatura de Servicio de Informática, deberá supervisar y vigilar el cumplimiento del contrato, proponer al órgano de contratación la imposición de sanciones y penalidades y resolver las incidencias en su ejecución

69.- Expte. AS-72/2017

Concesión da segunda prórroga do contrato do servizo de soporte e mantemento especializado para o conxunto de aplicacións corporativas do fabricante T-SYSTEMS.

69.- Expte. AS-72/2017

Concesión de la segunda prórroga del contrato del servizo de soporte y mantenimiento especializado para el conxunto de aplicaciones corporativas del fabricante T-SYSTEMS.

Previa deliberación, de conformidade co informe–proposta que consta no

Previa deliberación, de conformidad con el informe–propuesta que consta en el



expediente e do que se dará traslado, en todo caso, xunto coa certificación/notificación do presente acordo, en canto serve de motivación ao mesmo, de conformidade co artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, por unanimidade, en votación ordinaria, acórdase:

Primeiro.- Conceder a segunda prórroga do contrato do servizo de Soporte e mantemento especializado para o conxunto de aplicacións corporativas do fabricante T-SYSTEMS, adxudicado o 09/02/2018 á entidade T-Systems ITC Iberia, S.A.U.; provista do NIF número A-81608077, polo período comprendido entre o 1 de abril de 2023 e o 31 de marzo de 2024, ou ben ata que se formalice o novo contrato, que se atopa en fase de preparación, se isto último ocorre antes. Todo isto á vista da posibilidade contida na cláusula 9.^a do Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación, na cláusula III do contrato, e de conformidade co Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, así como co Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

Segundo.- Autorizar e dispoñer o gasto correspondente ao importe da prórroga que se concede, que ascende como máximo ao importe de 339.387,68 € (IVE incluído), con cargo á aplicación orzamentaria 20.926.227.99, coa seguinte distribución de anualidades:

expediente y del que se dará traslado, en todo caso, junto con la certificación/notificación del presente acuerdo, en cuanto sirve de motivación al mismo, de conformidad con el artículo 88.6 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de procedimiento administrativo común de las administraciones públicas, por unanimidad, en votación ordinaria, se acuerda:

Primero.- Conceder la segunda prórroga del contrato de servicio de soporte y mantenimiento especializado para el conjunto de aplicaciones corporativas del fabricante T-SYSTEMS, adjudicado el 09/02/2018 a la entidad T-Systems ITC Iberia, S.A.U.; provista do NIF número A-81608077, por el período comprendido entre el 1 de abril de 2023 y el 31 de marzo de 2024, o bien hasta que se formalice el nuevo contrato que se encuentra en fase de preparación, si esto último ocurre antes. Todo ello a la vista de la posibilidad contenida en la cláusula 9.^a del Pliego de cláusulas administrativas particulares que rige la licitación, en la cláusula III del contrato, y de conformidad con el Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de noviembre, que aprueba el Texto Refundido de la Ley de Contratos del Sector Público, así como el Real Decreto 1098/2001, de 12 de octubre por el que se aprueba el Reglamento General de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas.

Segundo.- Autorizar y disponer el gasto correspondiente al importe de la prórroga que se concede, que asciende como máximo al importe de 339.387,68 € (IVA incluido), con cargo a la aplicación presupuestaria 20.926.227.99 con la siguiente distribución de anualidades:



ANUALIDADE	IMPORTE
2023 (do 1 abril ao 30 setembro)	169.693,84 €
2024 (do 1 de outubro ao 31 de marzo de 2024)	169.693,84 €

70.- Expte. 521/2020/955

Autorización da cesión do contrato para a execución das obras comprendidas no proxecto de reurbanización da avenida Fernández Latorre, entre a glorieta de Ramón y Cajal e a rúa Puga y Parga.

Previa deliberación, de conformidade co informe–proposta que consta no expediente e do que se dará traslado, en todo caso, xunto coa certificación/notificación do presente acordo, en canto serve de motivación ao mesmo, de conformidade co artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, por unanimidade, en votación ordinaria, acórdase:

Primeiro. Autorizar a cesión de todos os dereitos e obrigacións dimanantes do contrato suscrito con Vázquez e Reino, S.L. (B-15.618.598) para a execución das obras comprendidas no proxecto de Reurbanización da avenida Fernández Latorre, entre a glorieta de Ramón e Cajal e a rúa Puga e Parga (Cofinanciadas ao 90 % polos fondos procedentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea – Next Generation), a favor de Construcións López Cao, S.L. (B-15.072.713), por estar expresamente prevista esta posibilidade no apartado 23 do Cadro de características anexo ao Prego de cláusulas administrativas particulares, e ao amparo do establecido no art. 214 Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do

ANUALIDAD	IMPORTE
2023 (de 1 abril a 30 septiembre)	169.693,84 €
2024 (do 1 de octubre a 31 de marzo de 2024)	169.693,84 €

70.- Expte. 521/2020/955

Autorización de la cesión del contrato para la ejecución de las obras comprendidas en el proyecto de reurbanización de la avenida Fernández Latorre, entre la glorieta de Ramón y Cajal y la calle Puga y Parga.

Previa deliberación, de conformidad con el informe–propuesta que consta en el expediente y del que se dará traslado, en todo caso, junto con la certificación/notificación del presente acuerdo, en cuanto sirve de motivación al mismo, de conformidad con el artículo 88.6 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de procedimiento administrativo común de las administraciones públicas, por unanimidad, en votación ordinaria, se acuerda:

Primero. Autorizar la cesión de todos los derechos y obligaciones dimanantes del contrato suscrito con Vázquez y Reino, S.L. (B-15.618.598) para la ejecución de las obras comprendidas en el proyecto de Reurbanización de la avenida Fernández Latorre, entre la glorieta de Ramón y Cajal y la calle Puga y Parga (Cofinanciadas al 90 % por los fondos procedentes del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia, financiado por la Unión Europea – Next Generation), a favor de Construcciones López Cao, S.L. (B-15.072.713), por estar expresamente prevista esta posibilidad en el apartado 23 del Cuadro de características anexo al Pliego de cláusulas administrativas particulares, y al amparo de lo establecido en el art. 214 Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de



sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP), tendo en conta que se cumpren os requisitos que establece o artigo citado que habilitan a cesión do contrato, e condicionado ao cumprimento dos apartados seguintes deste acordo.

Segundo. No prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación destes acordos, Construcións López Cao, S.L. deberá proceder á constitución da garantía definitiva por importe de 29.942,16 € para responder do cumprimento do contrato.

No caso de presentar aval bancario ou seguro de caución, será previamente bastantado polo Servizo de Contratación, para o que se remitirá o documento en formato PDF á seguinte dirección de correo electrónico: contratacion@coruna.gal. No documento deberán figurar as firmas electrónicas dos representantes da entidade avalista. Unha vez depositado o aval ou seguro de caución na Caixa Municipal, seranlle remitidos á dirección de correo facilitada a carta de pago e o talón de cargo, quedando así mesmo incorporados ao expediente.

Os acordos que se adopten respecto da devolución ou cancelación da garantía definitiva constituída por Vázquez e Reino, S.L., de acordo con o que dispón o art. 111.4 LCSP, non se producirán ata que se ache formalmente constituída a do cesionario, e cumpridas satisfactoriamente as obrigacións contractuais por parte do cedente.

Contratos del Sector Público por la que se trasponen al ordenamiento jurídico español las Directivas del Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014 (LCSP), toda vez que se cumplen los requisitos que establece el artículo citado que habilitan la cesión del contrato, y condicionado al cumplimiento de los apartados siguientes de este acuerdo.

Segundo. *En el plazo de diez días hábiles, contados a partir del día siguiente al de la recepción de la notificación de estos acuerdos, Construcciones López Cao, S.L. deberá proceder a la constitución de la garantía definitiva por importe de 29.942,16 € para responder del cumplimiento del contrato.*

En el caso de presentar aval bancario o seguro de caución, será previamente bastantado por el Servicio de Contratación, para lo cual se remitirá el documento en formato PDF a la siguiente dirección de correo electrónico: contratacion@coruna.gal. En el documento deberán figurar las firmas electrónicas de los representantes de la entidad avalista. Una vez depositado el aval o seguro de caución en la Caja Municipal, le serán remitidos a la dirección de correo facilitada la carta de pago y el talón de cargo, quedando asimismo incorporados al expediente.

Los acuerdos que se adopten respecto de la devolución o cancelación de la garantía definitiva constituída por Vázquez y Reino, S.L., de acuerdo con lo que dispone el art. 111.4 LCSP, no se producirán hasta que se halle formalmente constituída la del cesionario, y cumplidas satisfactoriamente las obligaciones contractuales por parte del cedente.



Terceiro. A cesión de Vázquez e Reino, S.L. a favor de Construcións López Cao, S.L. deberá formalizarse en escritura pública, a teor do establecido no apartado 2.d) do artigo 214 LCPS, na que quede de manifesto que o cesionario quedará subrogado en todos os dereitos e obrigacións que corresponderían ao cedente.

Cuarto. Dado que durante o procedemento para a cesión non se produciu suspensión na execución das obras, tomarase como data para o cálculo da liquidación da obra realmente executada polo cedente a da formalización da cesión en escritura pública.

Quinto. O órgano de contratación tomará coñecemento do correcto cumprimento dos requisitos esixidos a Vázquez e Reino, S.L. e Construcións López Cao, S.L. sobre a garantía do contrato e formalización da cesión.

71.- Expte. 111/2022/139

Autorización do gasto que suporá a concesión dos premios ás persoas participantes no “Concurso de proxectos para a rehabilitación do mercado de Santa Lucía”, e aprobación do expediente e das bases polas que se rexerá o devandito concurso.

Previa deliberación, **de conformidade co informe–proposta que consta no expediente e do que se dará traslado, en todo caso, xunto coa certificación/notificación do presente acordo, en canto serve de motivación ao mesmo, de conformidade co artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, por unanimidade, en votación ordinaria, acórdase:**

***Tercero.** La cesión de Vázquez y Reino, S.L. a favor de Construcciones López Cao, S.L. deberá formalizarse en escritura pública, a tenor de lo establecido en el apartado 2.d) del artículo 214 LCPS, en la que quede de manifiesto que el cesionario quedará subrogado en todos los derechos y obligaciones que corresponderían al cedente.*

***Cuarto.** Dado que durante el procedimiento para la cesión no se ha producido suspensión en la ejecución de las obras, se tomará como fecha para el cálculo de la liquidación de la obra realmente ejecutada por el cedente la de la formalización de la cesión en escritura pública.*

***Quinto.** El órgano de contratación tomará conocimiento del correcto cumplimiento de los requisitos exigidos a Vázquez y Reino, S.L. y Construcciones López Cao, S.L. sobre la garantía del contrato y formalización de la cesión.*

71.- Expte. 111/2022/139

Autorización del gasto que supondrá la concesión de los premios a las personas participantes en el “Concurso de proyectos para la rehabilitación del mercado de Santa Lucía”, y aprobación del expediente y de las bases por las que se regirá el dicho concurso.

*Previa deliberación, **de conformidad con el informe–propuesta que consta en el expediente y del que se dará traslado, en todo caso, junto con la certificación/notificación del presente acuerdo, en cuanto sirve de motivación al mismo, de conformidad con el artículo 88.6 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de procedimiento administrativo común de las administraciones públicas, por unanimidad, en votación ordinaria, se acuerda:***



Primeiro.- Autorizar o gasto de 45.000 € (IVE incluído) que supoñen os premios que se outorgarán ás persoas concursantes, segundo a orde de prelación alcanzando, para a celebración do “Concurso de Proxectos para a Rehabilitación do Mercado de Santa Lucía”, gasto imputable á aplicación 30.920.22706 do Orzamento Municipal prorrogado e cun prazo de entrega das propostas de 45 días naturais.

Segundo.- Aprobar o expediente, as bases administrativas, as bases técnicas e os anexos ás mesmas, que han de rexer o presente concurso de proxecto e dispoñer a súa publicación no perfil do contratante do Concello da Coruña, aloxado na plataforma de contratos do sector público, para os efectos de garantir a publicidade e a concorrência.

Terceiro.- Encomendar ao servizo de Contratación a realización dos trámites necesarios para a apertura do procedemento de licitación e seguimento do oportuno expediente.

72.- Expte. GEY/2018/320

Convalidación da cuarta prórroga do contrato de mantemento dos sistemas anti-intrusión do Fórum Metropolitano e das oficinas do servizo de atención á cidadanía (010).

Previa deliberación, **de conformidade co informe–proposta que consta no expediente e do que se dará traslado, en todo caso, xunto coa certificación/notificación do presente acordo, en canto serve de motivación ao mesmo**, de conformidade co artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das

Primero.- Autorizar el gasto de 45.000 € (IVA incluido) que suponen los premios que se otorgarán a las personas concursantes, según el orden de prelación alcanzando, para la celebración del “Concurso de Proyectos para la Rehabilitación del Mercado de Santa Lucía”, gasto imputable a la aplicación 30.920.22706 del Presupuesto Municipal prorrogado y con un plazo de entrega de las propuestas de 45 días naturales.

Segundo.- Aprobar el expediente, las bases administrativas, las bases técnicas y los anejos a las mismas, que han de regir el presente concurso de proyecto y disponer su publicación en el perfil del contratante del Ayuntamiento de A Coruña, alojado en la plataforma de contratos del sector público, a los efectos de garantizar la publicidad y la concurrencia.

Tercero.- Encomendar al servicio de Contratación la realización de los trámites necesarios para la apertura del procedimiento de licitación y seguimiento del oportuno expediente.

72.- Expte. GEY/2018/320

Convalidación de la cuarta prórroga del contrato de mantenimiento de los sistemas anti-intrusión del Fórum Metropolitano y de las oficinas del servicio de atención a la ciudadanía (010).

Previa deliberación, de conformidad con el informe–propuesta que consta en el expediente y del que se dará traslado, en todo caso, junto con la certificación/notificación del presente acuerdo, en cuanto sirve de motivación al mismo, de conformidad con el artículo 88.6 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de procedimiento administrativo común



administracións públicas, por unanimidade, en votación ordinaria, acórdase:

Primeiro: Validar a prórroga acordada mediante a resolución con data 05/12/2022 anotada no libro de resolucións da Xunta de Goberno Local co número RES/AYT/26156/2022, dos seguintes contratos adxudicados a SEGURSYSTEM EUROPA S.L. (B36562429):

- Lote 1 “Mantemento dos sistemas anti-intrusión instalados no edificio municipal do Fórum Metropolitano”. Esta prórroga iniciarase o 1/3/2023 e finalizará o 29/2/2024.

- Lote 2 “Mantemento dos sistemas anti-intrusión instalados nas oficinas municipais sitas na rúa Paseo Alcalde Francisco Vázquez nº 65 do servizo de atención ao cidadán -010-“. Esta prórroga iniciarase o 1/2/2023 e finalizará o 31/1/2024.

Segundo: Autorizar e comprometer o crédito necesario para facer fronte ao gasto correspondente ás prórrogas acordadas no punto anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 20.920.227.99, polos seguintes importes e anualidades orzamentarias:

- Lote 1 “Mantemento dos sistemas anti-intrusión instalados no edificio municipal do Fórum Metropolitano”:

Exercicio 2023: 631,62 € (nove meses)
Exercicio 2024: 210,54 € (tres meses)

- Lote 2 “Mantemento dos sistemas anti-intrusión instalados nas oficinas municipais sitas na rúa Paseo Alcalde Francisco Vázquez nº 65 do servizo de atención ao cidadán -010-”:

de las administraciones públicas, por unanimidad, en votación ordinaria, se acuerda:

Primero: *Convalidar la prórroga acordada mediante la resolución de fecha 05/12/2022 anotada en el libro de resoluciones de la Junta de Gobierno Local con el número RES/AYT/26156/2022, de los siguientes contratos adjudicados a SEGURSYSTEM EUROPA S.L. (B36562429):*

- Lote 1 “Mantenimiento de los sistemas anti-intrusión instalados en el edificio municipal del Fórum Metropolitano”. Esta prórroga se iniciará el 1/3/2023 y finalizará el 29/2/2024.

- Lote 2 “Mantenimiento de los sistemas anti-intrusión instalados en las oficinas municipales sitas en la calle Paseo Alcalde Francisco Vázquez nº 65 del servicio de atención al ciudadano -010-“. Esta prórroga se iniciará el 1/2/2023 y finalizará el 31/1/2024.

Segundo: *Autorizar y comprometer el crédito necesario para hacer frente al gasto correspondiente a las prórrogas acordadas en el punto anterior, con cargo a la aplicación presupuestaria 20.920.227.99, por los siguientes importes y anualidades presupuestarias:*

- Lote 1 “Mantenimiento de los sistemas anti-intrusión instalados en el edificio municipal del Fórum Metropolitano”:

*Ejercicio 2023: 631,62 € (nueve meses)
Ejercicio 2024: 210,54 € (tres meses)*

- Lote 2 “Mantenimiento de los sistemas anti-intrusión instalados en las oficinas municipales sitas en la calle Paseo Alcalde Francisco Vázquez nº 65 del servicio de atención al ciudadano-010-”:



Exercicio 2023: 701,80 € (10 meses)
Exercicio 2024: 140,36 € (2 meses)

IGUALDADE, BENESTAR SOCIAL E PARTICIPACIÓN

Igualdade e Diversidade

73.- Epte. 237/2023/16

Solicitude da subvención da Consellería de Política Social e Xuventude para promover e fomentar unha mellor atención das necesidades básicas das persoas beneficiarias do réxime de protección temporal afectadas polo conflito en Ucraína, en réxime de concorrencia competitiva.

Previa deliberación, **de conformidade co informe–proposta que consta no expediente e do que se dará traslado, en todo caso, xunto coa certificación/notificación do presente acordo, en canto serve de motivación ao mesmo**, de conformidade co artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, por unanimidade, en votación ordinaria, acórdase:

Primeiro.- Aprobar a solicitude de subvención á Consellería de Política Social e Xuventude da Xunta de Galicia e solicitar unha subvención para cada un dos gastos que se indican na seguinte táboa, por un importe total de 83.750,53 € en virtude da Orde da Consellaría de Política Social e Xuventude da Xunta de Galicia do 29 de decembro de 2022 (DOG núm. 13 do 19/01/2023), pola que se aproban as bases reguladoras do procedemento de concesión de subvencións a entidades locais de Galicia, e/ou aos seus entes instrumentais, co obxecto de promover e fomentar unha mellor atención das

*Exercicio 2023: 701,80 € (10 meses)
Exercicio 2024: 140,36 € (2 meses)*

IGUALDAD, BENESTAR SOCIAL Y PARTICIPACIÓN

Igualdad y Diversidad

73.- Expte. 237/2023/16

Solicitud de la Subvención de la Consellería de Política Social y Juventud para promover y fomentar una mejor atención de las necesidades básicas de las personas beneficiarias del régimen de protección temporal afectadas por el conflicto en Ucrania, en régimen de concurrencia competitiva.

Previa deliberación, de conformidad con el informe–propuesta que consta en el expediente y del que se dará traslado, en todo caso, junto con la certificación/notificación del presente acuerdo, en cuanto sirve de motivación al mismo, de conformidad con el artículo 88.6 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de procedimiento administrativo común de las administraciones públicas, por unanimidad, en votación ordinaria, se acuerda:

Primero.- Aprobar la solicitud de subvención a la Consellería de Política Social e Juventud de la Xunta de Galicia y solicitar una subvención para cada uno de los gastos que se indican en la siguiente tabla, por un importe total de 83.750,53 € en virtud de la Orden de la Consellaría de Política Social e Juventud de la Xunta de Galicia de 29 de diciembre de 2022 (DOG núm. 13 del 19/01/2023), por la que se aprueban las bases reguladoras del procedimiento de concesión de subvenciones a entidades locales de Galicia, y/o a sus entes instrumentales, con el objeto de promover y fomentar una



necesidades básicas das persoas beneficiarias do réxime de protección temporal afectadas polo conflito en Ucraína que carezan de recursos económicos suficientes, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, en réxime de concorrencia non competitiva, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023.

Oficina a Atención ao pobo ucraino	
Gastos de persoal	66.221,53 €
Outros gastos	17.528,99 €
Total	83.750,52 €

Segundo.- FACULTAR expresamente, á segunda tenenta de alcaldesa e concelleira responsable de Área de Igualdade, Benestar Social e Participación, dona Eudoxía Neira Fernández, para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente, en relación ca participación do Concello da Coruña nesta convocatoria de subvencións regulada pola Orde da Consellería de Política Social e Xuventude da Xunta de Galicia do 29 de decembro de 2022 (DOG núm. 13 do 19/01/2023), a que se fai referencia no punto Primeiro do presente acordo.

Terceiro.- DELEGAR, na segunda tenenta de Alcaldesa e Concelleira responsable de Área de Xustiza Social e Coidados, dona Eudoxía Neira Fernández, **a sinatura da solicitude** e resto da documentación necesaria para a participación deste Concello da Coruña na convocatoria de subvencións regulada pola Orde da Consellería de Política Social e Xuventude da Xunta de Galicia do 29 de decembro de 2022 (DOG núm. 13 do 19/01/2023), a que se fai referencia no punto Primeiro do presente acordo.

mejor atención de las necesidades básicas de las personas beneficiarias del régimen de protección temporal afectadas por el conflicto en Ucrania que carezcan de recursos económicos suficientes, en el ámbito de la Comunidad Autónoma de Galicia, en régimen de concurrencia no competitiva, y si procede a su convocatoria para el año 2023.

Oficina a Atención al pueblo ucraniano	
Gastos de personal	66.221,53 €
Otros gastos	17.528,99 €
Total	83.750,52 €

***Segundo.- FACULTAR** expresamente, a la segunda teniente de alcaldesa y concejala responsable de Área de Igualdad, Bienestar Social y Participación, doña Eudoxía Neira Fernández, para todo lo relacionado con la tramitación y gestión del presente acuerdo y el correspondiente expediente, en relación con la participación del Ayuntamiento de A Coruña en esta convocatoria de subvenciones regulada por la Orden de la Consellería de Política Social e Juventud de la Xunta de Galicia de 29 de diciembre de 2022 (DOG núm. 13 del 19/01/2023), a que se hace referencia en el punto Primero del presente acuerdo.*

***Tercero.- DELEGAR**, en la segunda teniente de Alcaldesa y Concejala responsable de Área de Justicia Social y Cuidados, doña Eudoxía Neira Fernández, **la firma de la solicitud** y resto de la documentación necesaria para la participación de este Ayuntamiento de A Coruña en la convocatoria de subvenciones regulada por la Orden de la Consellería de Política Social e Juventud de la Xunta de Galicia de 29 de diciembre de 2022 (DOG núm. 13 del 19/01/2023), a que se hace referencia en el punto Primero del presente acuerdo.*



74.- Expte. 237/2022/297

Prórroga do convenio de colaboración entre o Concello da Coruña e a Deputación Provincial da Coruña para financiar o mantemento do programa “Rede municipal de acollemento para mulleres en situación de violencia de xénero” durante o ano 2023.

Previa deliberación, **de conformidade co informe–proposta que consta no expediente e do que se dará traslado, en todo caso, xunto coa certificación/notificación do presente acordo, en canto serve de motivación ao mesmo**, de conformidade co artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, por unanimidade, en votación ordinaria, acórdase:

Primeiro. Aprobar a memoria e a solicitude de prórroga do Convenio de colaboración entre o Concello da Coruña e a Deputación provincial da Coruña para financiar o mantemento xeral do programa “Rede municipal de acollemento para mulleres en situación de violencia de xénero” durante o ano 2023, cun importe de 120.926,27 €.

Segundo. Aprobar o orzamento do programa, que ascende á cantidade de 476.219,34,00 euros e a achega municipal de 305.343,07 euros para o que existe consignación adecuada e suficiente nas aplicacións correspondentes do Orzamento Municipal en vigor.

Para o seguimento deste programa, na contabilidade municipal creouse para a anualidade 2023 o código de proxecto

74.- Expte. 297/2022/297

Prórroga del convenio de colaboración entre el Ayuntamiento de A Coruña y la Diputación provincial de A Coruña para financiar el mantenimiento del programa “Red municipal de acogimiento para mujeres en situación de violencia de género” durante el año 2023.

Previa deliberación, **de conformidad con el informe–propuesta que consta en el expediente y del que se dará traslado, en todo caso, junto con la certificación/notificación del presente acuerdo, en cuanto sirve de motivación al mismo**, de conformidad con el artículo 88.6 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de procedimiento administrativo común de las administraciones públicas, por unanimidad, en votación ordinaria, se acuerda:

Primero. Aprobar la memoria y la solicitud de prórroga del Convenio de colaboración entre el Ayuntamiento de A Coruña y la Diputación provincial de A Coruña para financiar el mantenimiento general del programa “Red municipal de acogimiento para mujeres en situación de violencia de género” durante el año 2023, con un importe de 120.926,27 €.

Segundo. Aprobar el presupuesto del programa, que asciende a la cantidad de 476.219,34,00 euros y la aportación municipal de 305.343,07 euros para lo cual existe consignación adecuada y suficiente en las aplicaciones correspondientes del Presupuesto Municipal en vigor.

Para el seguimiento de este programa, en la contabilidad municipal se creó para la anualidad 2023 el código de proyecto



2023 3 51 3 "red municipal de acollida de mulleres 2023".

Terceiro. Declarar a excepcionalidade e singularidade do proxecto da Rede Municipal de acollemento para mulleres en situación de violencia de xénero, nos termos expresados nesta proposta e na memoria explicativa que se achega a este expediente, de conformidade co establecido no artigo 8.2 da Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación Provincial da Coruña.

URBANISMO, **VIVENDA,**
INFRAESTRUTURAS **E**
MOBILIDADE

Urbanismo

